



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA  
OITO DE FEBREIRO DE 2024 CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ –LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e cinco minutos do día oito de febreiro de dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (21/12/2023).**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e un de decembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

**2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**

2.1.- Instancia núm. 202399900000118 de don Javier Jesús Cajaraville Sánchez. (Expediente núm. 2023/U022/000006)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de construción de alpendre, de 49,80 m<sup>2</sup>, con destino a almacén agrícola en Caxaraville, 13 - Sarandón (San Miguel) (expediente núm.: 2023/U022/000006), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección agropecuaria. R-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada, asinada por José M. Pena Alonso en calidade de enxeñeiro técnico agrícola, de data 02/03/2023 - número 20230126 e un presuposto de execución material de 10.884,83 euros.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 001002200NH43C.

Dáse conta tamén das autorizacións outorgadas pola Consellería do Medio Rural, REF.:2023/764207, e do Servizo de Montes da mesma consellería con ID – 349, que se achegarán coa notificación do presente acordo.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesada/o. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por José M. Pena Alonso, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): Douscentos dezasete euros con setenta céntimos (#217,70#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente.

2.2.- Instancia núm. 202399900001080 de don José Manuel Tobio Boquete. (Expediente núm. 2023/U022/000038)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar de PB+1 en Sarandón, 58 - Sarandón (San Miguel) (expediente núm.: 2023/U022/000038), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. N-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Susana Dosil Núñez, en calidade de arquitecta, sendo José Manuel Fernández Castro o arquitecto técnico e coordinador de seguridade e saúde, e un presuposto de execución material de 160.000,00 euros, coas seguintes características:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



PARÁMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m <sup>2</sup> )	300,00	600,00	(1)(2)	<b>5113,00</b>
Parcela bruta total (m <sup>2</sup> )				<b>5285,00</b>
Cesións regularización vías (m <sup>2</sup> )	A aliñación	A aliñación		<b>172</b>
Edificabilidade máxima (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	0,40	0,30(1539,90)		<b>250,50 &lt; (1539,90)</b>
Ocupación máxima (%)	50	40 (1045,20)		<b>280,96 &lt; 358,00</b>
Aliñación (m)	Plan. / 6,00 eixo	Aliñación / >3,00		<b>&gt; 3,00 m</b>
Recuamentos (m)	Aliñ/>3,00	Aliñ(6m)>3,00	(3)	<b>&gt;3,00</b>
Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 7,00	(4)	<b>B+1/7,00</b>
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		<b>-</b>
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		<b>Viv. unifamiliar</b>

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50600630.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Susana Dosil Núñez número de visado 2305656,2 - 07.11.2023, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreo para a regularización da vía pública nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 04, de 172,00 m<sup>2</sup>., e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión. En todo caso a comunicación de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos e á xustificación documental e gráfica dos mesmos.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así coma do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): Tres mil douscentos euros (#3.200,00#).

-Taxas expedición de cartel de obra: Cento cincuenta euros (#150,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.3.- Comunicación de obra de Agroser Ulla, S.L. (Expediente número 2023/U026/000072)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Becerra Castro, en representación de Agrosar Ulla, S.L, para plantación viñado en espaleira, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Manuel Becerra Castro en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 26/01/2024.

Dáse conta así mesmo da autorización outorgada por Augas de Galicia: Clave: DH.W15.94602 Expediente: Autorización de plantación de viñado na parcela 990 no polígono 507 de Vedra no lugar de Socastro parroquia de San Mamede de Ribadulla (San Mamede), no concello de Vedra (A Coruña), na zona de policía do rego de Tomonde (cod. río 244082).

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50700990, emprazada en Galegos - Ribadulla (Santa Cruz), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como rústico de especial protección agropecuaria (R2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados. Sen prexuízo das autorizacións preceptivas doutros organismos públicos.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).

2.4.- Instancia núm. 202399900001242 de UFD Distribución Electricidad, S.A. (Expediente núm. 2024/U022/000001)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de instalación de Telecontrol en LMT PAI802 apoio ABA295B3//78-7-1 (Vedra) con SGD: 618521129055 en Pousada de Abaixo - Vedra (expediente núm.: 2024/U022/000001), en solo cualificado polo vixente PXOM como rústico de especial protección agropecuaria. R-2, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Rubén Fervenza Nicolás, en calidade de enxeñeiro industrial, cun orzamento provisional de 16.522,43 euros.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do (expdte.: 2023/23), para as actuacións solicitadas.

Dáse conta da resolución da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Industria e Innovación pola que se concede autorización administrativa previa e de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Vedra (expediente IN407A 2023/085-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 13/12/2022, así como ao contido das autorizacións sectoriais.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras.

As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de trescentos trinta euros con corenta e cinco céntimos (#330,45#)

2.5.- Comunicación de obra de don Manuel Vieites Iglesias. (Expediente número 2024/U026/000002)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Vieites Iglesias para pavimentación, de aproximadamente 6 m<sup>2</sup>, e peche perimetral da mesma con base de bloque de 50 cm. revestido e pintado.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001501600NH34B, emprazada en Paradela, 34 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 3 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.6.- Instancia de María Lourdes Iglesias Cerdeira. (Expediente municipal número 2024/U018/000001)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para parcelamento da finca número 126, polígono 2, da concentración parcelaria de Vedra, no lugar de Roelle -Vedra (Santa Baia) en tres parcelas resultantes, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Francisco Javier Bellet García en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 07/12/2023.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo dos núcleos rurais (N-1) e rústico de especial protección agropecuaria (R-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para o parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Roelle – Vedra (Santa Baia) nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes que ascenderon á cantidade de cento oitenta euros (#180,00#.)

2.7.- Instancia núm. 202499900000119 de dona Josefa Cebeiro Campos. (Expediente prórroga número: 2024/U003/000001)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 14/02/2023 tomou coñecemento da comunicación de obra para construción de peche de parcela, zona frontal, parte con muro de peche en bloque de formigón de cor branca ata 80 cm. de alto e postes e malla de arame de 1,00 m. de alto, resto da fronte e lateral dereito con bloque de formigón de cor gris ata 80 cm. de alto, e postes e malla de arame de 1,00. m de alto. O peche recuarase 6 metros do eixe da vía e a base maciza irá revestida e pintada de cor branca.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001202700NH43F, emprazada en Socastro, 27 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria R-2, e cun prazo de execución de 12 meses. (Expediente número 2022/U026/000071), e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha prórroga.

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto no artigo 363 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga de seis meses para a finalización das obras obxecto do expediente.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicial.

### **3º.- Declaración responsable renovación furanchos.**

3.1.- Instancia de dona María José Carbia Silva. (Expediente: 2024/U015/000001).

Dáse conta da declaración responsable, presentada por María José Carbia Silva, para renovar o funcionamento dun establecemento dedicado a furancho no lugar de Malfurado, 4 - Trobe (San Andrés). Referencia catastral: 15090A50501636.

Vista a documentación que se achega e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno toma coñecemento do declarado e nos termos da documentación achegada, debendo comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguinte documentación:

- Renovación do seguro de responsabilidade civil.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do viño.



-Análise do viño da nova tempada e cantidade da que se dispón.

O novo período de apertura será do 26/01/2024 ao 26/04/2024. Así mesmo darase traslado da renovación aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

#### **4º.- Declaración responsable cambio de titularidade de establecemento.**

4.1.- Instancia de dona Cristina Rodríguez Santos para cambio de titularidade de pensión de 1 estrela en Ponte Ulla (Expediente núm. 2024/U020/000001)

Dáse conta da declaración responsable achegada por Cristina Rodríguez Santos para cambio de titularidade de licenza de pensión de 1 estrela en Ponte Ulla, 3, 1º (Ponte Ulla), denominada comercialmente A Taberna de Gundián (Expediente número 2024/U020/000001. Referencia catastral 8965605NH4386N.

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto, entre outras, na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, toma coñecemento da documentación achegada e da declaración do cambio de titularidade da licenza mencionada.

Dáse conta tamén da liquidación das taxas correspondentes que deberán ser ingresadas na tesourería municipal.

#### **5º.- Acordo, se procede, sobre aceptación de terreos para regularización de vías (Expediente núm. 2024/U048/000001)**

Dáse conta do escrito presentado por don José Manuel Insua Senín e don Alejandro Insua Barros, no que solicitan a aceptación da cesión dos terreos para a regularización da vía no lugar de Sales – Sales (San Fins), neste termo municipal correspondentes coa licenza de parcelamento aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 23/04/2012.

Achégase escritura pública de data 23/05/2012 do notario José Manuel Amigo Vázquez, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local para parcelamento da finca número 566 do plano do acordo da concentración parcelaria de San Félix de Sales e San Andrés de Illobre emprazada en Sales – Sales (San Fins), neste termo municipal de Vedra, da que resultan dúas parcelas e dúas cesións de terreo:

1. Porción destinada a regularización da vía, procedente da parcela segregada, con referencia catastral 15090B50200566, e cunha superficie de 78m<sup>2</sup>.
2. Porción destinada a regularización da vía, procedente da parcela segregada, con referencia catastral 15090B50202100, e con unha superficie de 68m<sup>2</sup>.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data 23/05/2012, do notario José Manuel Amigo Vázquez, de superficie de 78 m<sup>2</sup> e 68 m<sup>2</sup> metros cadrados, e que se corresponden coa licenza de parcelamento concedida.





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Segundo.- Deberá procederse polo interesado a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Vedra, e libre de carga, as cesións da superficie descrita, debendo presentarse neste concello a documentación acreditativa da citada inscrición.

### 6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de decembro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
931	05/12/2023	Convocatoria selección de persoal para un posto de monitor/a de tempo libre para reforzo do servizo de madrugadores e ludoteca
932	05/12/2023	Establecemento de servizos mínimos durante a folga convocada nas escolas infantís no mes de decembro
933	05/12/2023	Aprobación e pago de nóminas correspondentes á paga extra de decembro
934	05/12/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación correspondente ao mes de decembro
935	05/12/2023	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
936	05/12/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
937	05/12/2023	Concesión de axuda de emerxencia social a RPF
938	05/12/2023	Concesión praza vacante na EIM , curso 2023/2024, a SPS
939	05/12/2023	Concesión praza vacante na EIM , curso 2023/2024, a JFG
940	07/12/2023	Baixa no SAF-Libre concorrencia por paso á modalidade de dependencia de MCF
941	07/12/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
942	11/12/2023	Cambio titularidade recibo taxa de recollida de lixo da vivenda nº 2 de Pazos – Santa Cruz de Ribadulla
943	11/12/2023	Aprobación certificación núm. 3 da obra de Colectores de saneamento en Bazar (POS + 2022) e factura correspondente da adxudicataria, Construcciones Caldevergazo, S.L, por importe de 47.864,35 euros
944	11/12/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente ao mes de decembro
945	11/12/2023	Baixa no SAF-Libre concorrencia por paso á modalidade de dependencia de JLC
946	11/12/2023	Aprobación certificación núm. 1 da obra de Mellora de camiños en Reboredo, Socastro, Agrelo e outros (POS + Adicional 1/2022) e factura correspondente da adxudicataria, Martínez Montes e Hijos, S.L, por importe de 61.709,81 euros
947	11/12/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores, correspondente ao mes de decembro
948	12/12/2023	Aprobación resultado de ingresos e gastos imputados á actividade viaxe de verán xuvenil a Torremolinos do 03-09 de xullo e solicitude de ingreso do 50% ao Concello de Boqueixón (convenio asinado)
949	12/12/2023	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Asociación Persoas Xordas de Santiago de Compostela e orde de pagamento segundo convenio
950	12/12/2023	Aprobación solicitude de prórroga de operación de crédito a curto



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		prazo (póliza) por importe de 200.000,00 euros co Banco Sabadell por un prazo dun ano
951	12/12/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de inglés, correspondente ao mes de decembro
952	12/12/2023	Alta no servizo de comedor da EIM de SPS
953	13/12/2023	Aprobación do prezo base do servizo de axuda no fogar, modalidade libre concorrencia, para o exercicio 2024
954	13/12/2023	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 14 de Piñeiro –San Andrés de Illobre
955	13/12/2023	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 16 da Rúa Alcalde Francisco Carrillo – Santa Cruz de Ribadulla
956	13/12/2023	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 1 de Fontes –San Andrés de Illobre
957	13/12/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade libre concorrencia, correspondente ao mes de novembro
958	13/12/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade dependencia, correspondente ao mes de novembro
959	13/12/2023	Aprobación tarifas actualizadas das persoas usuarias do SAF-Libre concorrencia para o exercicio 2024
960	15/12/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
961	15/12/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo da EIM, concepto de comedor, correspondente ao mes de novembro
962	15/12/2023	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Asociación Galega para a axuda dos enfermos de demencia tipo alzhéimer (AGAEDA) e orde de pagamento segundo convenio
963	15/12/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración de enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F.2023.36 por importe de 15.911,26 euros
964	15/12/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2023.37 por importe de 4.542,12 euros
965	18/12/2023	Expediente limpeza de fincas e tala de árbores (Lei de incendios)
966	18/12/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
967	18/12/2023	Recoñecemento trienios persoal municipal
968	18/12/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2023.38 por importe de 167.168,77 euros
969	19/12/2023	Aprobación do Fondo de Acción Social 2º período de 2023
970	19/12/2023	Anulación e baixa dos recibos de recollida de lixo dos exercicios 2018, 2020, 2021, 2022 e 2023, a proposta da Deputación Provincial –Servizo de Recadación, da vivenda sita no núm. 6 de A Igrexa –San Cristovo de Merín, por erro material ou de feito
971	19/12/2023	Delegación Alcaldía no 2º Tenente de Alcalde, don Enrique Vázquez, para celebración de matrimonio civil
972	19/12/2023	Adxudicación, procedemento contrato menor, da facturación dos recibos do Servizo Municipal de Augas, do 4º trimestre de 2023 -3º trimestre de 2024 (Expediente núm. 2023/C002/000033) a Viaqua Gestión Integral de Augas de Galicia, S.A
973	19/12/2023	Adxudicación, procedemento contrato menor, de traballos diversos relacionados co Servizo Municipal de Augas (analíticas, introdución



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		datos no SINAC, libros, etc) (Expediente núm. 2023/C002/000034) a Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A
974	19/12/2023	Baixa no servizo de comedor da EIM, curso 2023/2024, de MTG
975	20/12/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
976	20/12/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á empresa Droguería –Ferretería El Sol, S.L incluídos na relación de facturas F.2023.39 por importe de 11.394,78 euros
977	21/12/2023	Aprobación conta xustificativa dos gastos ocasionados en relación coa limpeza do CPI de Vedra durante o ano 2023
978	21/12/2023	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida ao Club Olímpico de Vedra e orde de pagamento segundo convenio
979	21/12/2023	Aprobación e orde de pagamento das nóminas correspondentes aos atrasos polo incremento do 0,5% no persoal non activo
980	21/12/2023	Aprobación e orde de pagamento das nóminas correspondentes ao mes de decembro
981	21/12/2023	Baixa no servizo de comedor da EIM , curso 2023/2024 de JFG
982	21/12/2023	Aprobación certificación núm. 1 da obra de Mellora de camiños en Tomonde (Santa Cruz) (PMM 2023/2024) e factura correspondente da adxudicataria, Nemesio Ordóñez, S.A, por importe de 20.992,85 euros
983	21/12/2023	Aprobación expediente de contratación e pregos da xestión do Pavillón Municipal (Exp. 2023/C004/000003)
984	21/12/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración de enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F.2023.40 por importe de 16.797,07 euros
985	21/12/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2023.41 por importe de 4.103,99 euros e os abonos por importe de -86,83 euros
986	21/12/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
987	22/12/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a pagamentos pendentes de aplicar aos orzamentos (concepto non orzamentario 40100) incluídos na relación de facturas F.2023.42 por importe de 5.773,74 euros
988	22/12/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2023.43 por importe de 73.656,72 euros
989	26/12/2023	Modificación titularidade taxa lixo e aprobación liquidacións pendentes da vivenda núm. 6 de A Igrexa –San Cristovo de Merín
990	26/12/2023	Aprobación conta xustificativa e toma de razón en contabilidade da 1º anualidade (2023) do PMM 2023/2024: Proxecto de mellora de camiños en Tomonde (Santa Cruz de Ribadulla)
991	26/12/2023	Cambio de titularidade recibos da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 28 de Pousada de Abaixo -Vedra
992	27/12/2023	Aprobación e orde de pagamento das indemnizacións ao persoal externo vinculadas aos procesos selectivos de estabilización do emprego temporal
993	27/12/2023	Concesión praza vacante Programa Conxuga, curso 2023/2024, de AAL
994	27/12/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
995	27/12/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
996	28/12/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
997	28/12/2023	Aprobación conta xustificativa e toma de razón en contabilidade da axuda para actuacións en materia de biorresiduos (adquisición de



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		contedores de 240 litros)
998	28/12/2023	Aprobación conta xustificativa e toma de razón en contabilidade da axuda para actuacións en materia de biorresiduos (actividades de formación, difusión e seguimento do proxecto e adquisición de composteiros, con termómetros e aireadores)
999	28/12/2023	Baixa no padrón fiscal da taxa de lixo das instalacións de Dragados S.A en Reboredo, 11 –Ponte Ulla, por cese da actividade
1000	28/12/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2023.44 por importe de 177.814,21 euros
1001	28/12/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
1002	28/12/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración de enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F.2023.45 por importe de 9.354,48 euros
1003	28/12/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía móbil e internet incluídos na relación de facturas F.2023.46 por importe de 1.829,21 euros
1004	28/12/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á empresa Droguería –Ferretería El Sol, S.L incluídos na relación de facturas F.2023.47 por importe de 1.459,13 euros
1005	29/12/2023	Aprobación certificación núm. 4 da obra de Colectores de saneamento en Bazar (POS+ 2022) e factura correspondente da adxudicataria, Construcciones Caldevergazo, S.L, por importe de 8.398,72 euros
1006	29/12/2023	Solicitude subvención á Deputación Provincial (PEL 2024): 3 peóns especialistas en obras públicas e 1 axudante de recollida de lixo
1007	29/12/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
1008	29/12/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
1009	29/12/2023	Adxudicación obra de Colectores de Saneamento en Fontao (POS + Adicional 2/2023) a Caldevergazo, S.L (Expediente núm. 2023/C003/000005)
1010	29/12/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
1011	29/12/2023	Aprobación expediente de modificación de créditos 16/2023 (transferencia de créditos entre mesmas áreas de gasto)
1012	29/12/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2023.48 por importe de 151.084,04 euros
1013	29/12/2023	Aprobación e orde de pagamento ao Concello de Boqueixón da parte imputable ao Concello de Vedra polo Obradoiro de emprego Boqueixón, O Pino, Touro e Vedra 2020/2021 por importe de 5.021,06 euros
1014	30/12/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2023.49 por importe de 16.674,71 euros

A Xunta de Goberno dáse por informada.

#### 4º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta minutos.